

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 17 DE ABRIL DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día desásete de abril de dous mil dezasete; as dez horas e trinta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza , Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste Don Ricardo González Amaro.-

Está presente o Secretario, Don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Sr. Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dez de abril do dous mil dezasete (ordinaria) .

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS 359/2017 . RIB/ C/100.3/16.-**

*Visto o escrito presentado por **Dona Dora Santiago Barreiro**, con domicilio na rúa Macendo San Cristovo Ribadavia, , onde solicita Licenza para Proxecto básico e de execución substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada , segundo o proxecto básico e de execución de substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada redactado polo arquitecto Don Ildefonso Estez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos técnicos con nº 1700939,2 e Anexo nº1 ao Proxecto básico e de execución substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada , visado COAG 1700939,3 polo COAG .*

*Consta proxecto básico e de execución de substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada redactado polo arquitecto Don Ildefonso Estez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos técnicos con nº 1700939,2 e Anexo nº1 ao Proxecto básico e de execución substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada , visado COAG 1700939,3 polo COAG .*

Consta informe da Arquitecto Municipal de data 10 de abril de 2017.

Consta informe do Secretario municipal de data 11 de abril de 2017.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :*

**Conceder licenzia a Dona Dora Santiago Barreiro,** para proxecto básico e de execución substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada , segundo o proxecto básico e de execución de substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada redactado polo arquitecto Don Ildefonso Estez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos técnicos con nº 1700939,2 e Anexo nº1 ao proxecto básico e de execución substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada , visado COAG 1700939,3 polo COAG .

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai

destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización:** O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

**Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

## **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** substitución de cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada

**Contía na que se orzan as obras:** 56.082,20 euros

**Situación e emprazamento das obras :** San Cristovo.

**Clasificación urbanística do solo:** Solo non urbanizable

**Referencia catastral:** 002200200NG78E0001UX

**Nome ou razón social do promotor:** dona Dora Santiago Barreiro.

**Director de Obra:** Amando Canitrot Pérez.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (3) meses e o prazo de remate dezaioito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Tendo en conta que con data de 2 de marzo de 2017, a interesada abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Contrucións, Instalacións e Obras a contía de 1.458,14 euros; visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 56.082,20 euros euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coincidindo coa contía xa abonada..

## **OUTRAS CONDICIONS.-**

-As obras executaranse segundo "Proxecto básico e de execución substitución cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada, visado COAG 1700939,2 e anexo 1º ao proxecto básico e de execución substitución cuberta e ampliación de terraza en vivenda unifamiliar illada, visado COAG 1700939,3 redactados polo arquitecto don Ildefonso Estévez Martínez.

-Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Primeira Ocupación.

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB /C/101.1/16, 704/2017**

Visto o escrito presentado por **Don José Joaquín Borrajo Iglesias en representación da Diócesis de Ourense**, onde solicita Licenza para Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta da Igrexa de Santiago de Esposende, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Don Xan Rodríguez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con nº 160351,1, data 15.06.2016

Consta Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta da Igrexa de Santiago de Esposende, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Don Xan Rodríguez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con nº 160351,1, data 15.06.2016

Consta informe da Arquitecto Municipal de data 12 de abril de 2017.

Consta informe do Secretario municipal de data 17 de abril de 2017.

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :*

**Conceder licencia a Don José Joaquín Borrajo Iglesias en representación da Diócesis de Ourense**, para Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta da Igrexa de Santiago de Esposende, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Don Xan Rodríguez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con nº 160351,1, data 15.06.2016

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do

*disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.*

**Penalización:** *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

**Caducidade:** *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

## **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** *rehabilitación da Igrexa de Santiago de Esposende.*

**Contía na que se orzan as obras:** *56.082,20 euros*

**Situación e emprazamento das obras :** *Lugar de Esposende 51, Ribadavia.*

**Clasificación urbanística do solo:** *Solo urbano de núcleo rural.*

**Referencia catastral:** *000996800NG78E0001EX*

**Nome ou razón social do promotor:** *Diócesis de Ourense..*

**Director de Obra:** *Xan Rodríguez González.*

**Director de execución e coordinador de seguridade e saúde:** *Don José Manuel Lamela González*

**Prazos:** *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (3) meses e o prazo de remate dezaoto (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

**Liquidación do ICIO :** *Exento en base ao Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede de 3 de xaneiro de 1979 e Orde do Ministerio de Economía e Facenda de 5 de xuño de 20011.*

## **OUTRAS CONDICIONS.-**

*-As obras executaranse segundo Proxecto básico e de execución de rehabilitación de cuberta da Igrexa de Santiago de Esposende , redactado polo arquitecto Don Xan Rodríguez González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos con nº 160351,1, data 15.06.2016*

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

-Visto o escrito de dona María Pastora García indicando que na súa propiedade na rúa Hermanos Alvarez Araujo a acera está en moi mal estado e solicita a reparación. Considerando que a titular da estrada é o Servizo Provincial de AXI en Ourense da Consellería de Infraestruturas e Vivenda. Visto o artigo 14.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público e Procedemento Administrativo Común: “ O órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente ás actuacións ao órgano que considere competente, debiendo notificar esta circunstancia aos interesados” acordase remitir o escrito á AXI de Ourense.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

- Remisión de informe sobre autorización en treito urbano do Servizo Provincial de AXI en Ourense en relación a I BTT de Ribadavia estrada OU-801, OU-406 solicitante Asociación Veciñal A Chairiña.
- Remisión de informe favorable do Servizo Provincial de AXI Ourense en relación á construción de beirarrúa e acondicionamento de camiño pola estrada OU –406, solicitante concello de Ribadavia.
- Escrito de UTE Vegacontrol comunicando que vai a realizar traballos fitosanitarios a ambos marxes da vía do tren en base a convenio con ADIF na segunda quincena do mes de abril.
- Escrito de Sogama comunicando dirección de correo electrónico para practicar as notificacións.

### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

#### **APROBACIÓN DE BASES DE AUXILIARES OFICINA DE TURISMO**

Dase conta polo secretario da proposta de alcaldía , en base a comunicación recibida da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se comunica que se procede ao outorgamento dunha subvención, para a contratación de dúas persoas a tempo parcial , para a oficina de turismo por un importe de 5199,92 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

1 Bases de selección asinadas polo alcalde de data 17.4.2017.

2 Informe xurídico de data 17.4.2017.

A xunta de goberno local , tras deliberar sobre o particular, acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder á convocatoria e aprobación das bases de selección de persoal.

**Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencions para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.**

Vista a Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencions para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, e tendo en conta as bases recollidas nesta Resolución, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º Solicitar subvención ao abeiro da Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencions para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 para o proxecto denominado “ MELLORA ENERXETICA NAS ESCOLAS UNITARIAS DE FRANCELOS E SAN CRISTOVO”, por importe de 12.051,60 euros, sendo escollidas as escolas unitarias de Francelos e San Cristovo por ser as de maior número de alumnos e de maior consumo enerxético.

2º Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencions para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

3º Poñer a disposición os inmobles onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solícitase subvención.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dez horas e corenta minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO

D José Ignacio Gómez Pérez

Francisco Fernández Castro